

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LUGO E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA A INTEROPERATIVIDADE ENTRE O PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA E O PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS E OUTRAS TRAMITACIÓNS URBANÍSTICAS DO CONCELLO DE LUGO

LUGO, a 2 de xuño de 2020

REUNIDOS

Dona Lara Méndez López, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, con CIF P2702800J, e domicilio na Praza Maior s/n en virtude da representación legal atribuída polo artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Dona Elena Ampudia Aixendri, Decana do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia -en adiante COAG-, en nome e representación do citado Colexio, con CIF nº Q1575005B e sede na Praza da Quintana, 1, 2º -15704, Santiago de Compostela, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 38 a) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 105/2016, do 21 de xullo.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, en representación das entidades respectivas, e con capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

I.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, é unha corporación de dereito público constituída de conformidade á Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, e a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, que se regula polos seus propios estatutos, aprobados polo Decreto 105/2016, do 21 de xullo, e que goza de personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e plena autonomía, no marco da normativa que lle é de aplicación. O COAG ten entre os seus fins esenciais e funcións, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, a realización de prestacións de interese xeral propias da arquitectura e do urbanismo, así como a colaboración coas Administracións Públicas no exercicio das súas competencias mediante a subscripción dos correspondentes convenios de colaboración, de conformidade coa lexislación vixente.

Doutra banda, o artigo 5 b) da Lei 2/1974 dispón que constitúe, entre outras, unha función dos colexios profesionais *“exercer cantas funcións lles sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que poidan serlles solicitadas ou acordadas formular por propia iniciativa”*. Pola súa parte, a citada lei autonómica 11/2001 indica nos artigos 1 d) e 9 r) que constitúe fin esencial e función propia dos colexios profesionais de Galicia *“colaborar coas administracións públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente”*.

Así mesmo o COAG ten entre as súas funcións visar os traballos profesionais dos arquitectos, cando así se solicite a petición expresa dos clientes, incluídas as administracións públicas cando actúen como tales, e en aqueles traballos contemplados no Real decreto 1000/2010, de 5 agosto, de visado colexial obrigatorio así como o rexistro e traballos profesionais.

II.- O Concello de Lugo, para a xestión dos seus intereses, no ámbito das súas competencias promove e presta os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, conforme o artigo 25.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, así ven desenvolvendo a súa competencia nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de “Promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións”.

III.- Son funcións do Concello, no ámbito desde convenio, o exercicio das competencias urbanísticas que ten atribuídas na lei 2/2016 do Solo de Galicia, en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección do patrimonio histórico e xestión da vivenda de protección con criterios de sustentabilidade financeira, e conservación e rehabilitación da edificación, salvo que estean expresamente atribuídas a outra administración.”

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e descrición.-

O presente Convenio de Colaboración entre Concello de Lugo e o COAG ten por obxecto establecer mecanismos de interoperatividade entre o procedemento de tramitación telemática de traballos profesionais do Colexio de Arquitectos e o procedemento de tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas do Concello de Lugo, posibilitando con iso a normalización, a axilización e simplificación da tramitación administrativa, así como o aforro de custos. A estes beneficios súmanse os medio ambientais e a transparencia na xestión.

Na actualidade, toda a tramitación dos traballos profesionais no Colexio de Arquitectos realízase en formato electrónico. Por outra banda, dita tramitación apóiase sobre un modelo normalizado que establece para cada traballo profesional, en correspondencia coas disposicións legais vixentes, cales son as clasificacións tipolóxicas en relación coa súa tramitación administrativa, cal é a súa estrutura documental de tramitación, así como cales son os axentes que deben asinar electronicamente a documentación que cada traballo profesional pode conter.

Por outra banda, o Concello de Lugo está traballando na implantación dun procedemento en soporte electrónico específico que dea soporte á presentación e xestión da tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, dando cumprimento con iso, en particular, ás obrigas que neste sentido se establecen na normativa de aplicación vixente.

Neste contexto, xorde a oportunidade de establecer unha serie de mecanismos de interoperatividade entre o procedemento de tramitación do Colexio de Arquitectos e o Concello de Lugo, que posibiliten:

- O fornecemento da documentación técnica desde o Colexio de Arquitectos ao Concello de Lugo. A documentación técnica vinculada coa tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, a presentar polo administrado, será directamente obtida por parte do sistema de xestión do Concello de Lugo desde o sistema de xestión do Colexio de Arquitectos, previa autorización dos técnicos autores e do propio administrado. Así, o administrado poderá realizar a achega da documentación técnica correspondente á solicitude dunha forma máis áxil e económica, utilizando o formato electrónico con independencia de cal sexa a súa capacitación tecnolóxica.
- A normalización da documentación técnica e administrativa de carácter xeral. Esta documentación tramitada no Concello de Lugo atoparase tipificada, estruturada e asinada conforme ao modelo normalizado que o Colexio de Arquitectos se encarga de ter adecuadamente actualizado en correspondencia coas disposicións legais vixentes de carácter xeral.
- A garantía sobre a identidade e habilitación dos técnicos redactores no caso de traballos visados e sobre a identidade e colexiación habilitante noutros casos. O procedemento de tramitación colexial inclúe estas verificacións dos técnicos asinantes, polo que se evitará a solicitude e xestión de documentación adicional para a verificación deste extremo por parte do Concello de Lugo.

SEGUNDA.- Contido.

Habilitarase un mecanismo telemático que permita ao Concello de Lugo, coa conformidade do solicitante da licenza urbanística ou tramitación urbanística, así como dos técnicos redactores do traballo profesional vinculado, obter en formato electrónico unha copia da documentación técnica e administrativa tramitada a estes efectos no Colexio de Arquitectos.

Cando o Concello de Lugo obteña unha copia da documentación tramitada no COAG, eximirase aos solicitantes da licenza urbanística ou tramitación urbanística da obriga de achegar dita documentación en papel aos diferentes departamentos administrativos do Concello de Lugo. A incorporación da documentación obtida desde o Colexio de Arquitectos para a tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, terá a mesma eficacia a efectos administrativos que a súa presentación vía rexistro por parte do promotor.

As persoas ou entidades habilitadas para a presentación electrónica de documentación técnica en representación de terceiros, deberán ostentar a representación necesaria para cada actuación, nos termos establecidos no artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, ou nos termos que resulten da normativa específica de aplicación.

A documentación obtida desde o Colexio de Arquitectos atoparase clasificada desde o punto de vista da tipoloxía e natureza do expediente administrativo, así como estruturada consonte os diversos traballos e fases dos mesmos que poidan integrar o expediente, e toda ela asinada electronicamente polos técnicos redactores do traballo tramitado no Colexio de Arquitectos conforme ao modelo de tramitación normalizado que para os traballos profesionais dispón o Colexio en correspondencia cos disposicións legais vixentes de carácter xeral.

O Concello de Lugo e o COAG analizarán conxuntamente a problemática que afecte a ambas institucións para a implantación e posta en funcionamento das accións previstas neste convenio. Para iso os servizos técnicos de ambas institucións manterán os contactos que se estimen oportunos, co fin de poder propoñer a ambos e poder homoxeneizalos.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello de Lugo

1. Recadar a autorización dos administrados para a obtención da documentación dos traballos tramitados no Colexio de Arquitectos no contexto da tramitación de licenzas e outras autorizacións administrativas. O solicitante da licenza ou tramitación urbanística ao aportar a referencia ou código de visado da documentación técnica tramitada ante o COAG autoriza e manifesta a súa conformidade para o acceso á referida documentación técnica.
2. Empregar os protocolos tecnolóxicos e as instrucións técnicas que se fixen para obter a copia da documentación técnica do Colexio de Arquitectos.

CUARTA.- Obrigas do Colexio de Arquitectos

1. Dispoñer os medios e protocolos tecnolóxicos, así como dispoñer os mecanismos para recadar a autorización dos técnicos autores, co fin de que o Concello de Lugo poida obter a documentación dos traballos tramitados no Colexio de Arquitectos, no contexto da tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas.
2. Realizar, no proceso de tramitación colexial, aquelas tarefas de tratamento e supervisión necesarias para garantir que a documentación subministrada se adecúa ao modelo de tramitación colexial vixente e aos requirimentos definidos para a súa tramitación en formato electrónico (non protección dos arquivos, tamaño máximo dos arquivos, introducción de marcas de auga, correcta orientación dos arquivos para a súa lectura,...).

3. Asegurar o cumprimento da política de sinatura electrónica definida no informe emitido polo Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da a Administración local (COSITAL), tanto na súas vertentes tecnolóxicas e xurídicas, como na adecuada correspondencia das sinaturas reflectidas na documentación coa identidade e función dos axentes intervinientes.

QUINTA.- Confidencialidade. Garantías técnicas.

As partes garantirán a plena confidencialidade dos datos e a información obxecto deste convenio, en particular a referida a datos de carácter persoal, de conformidade co disposto na *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, e obríganse a estableceren os mecanismos técnicos e informáticos necesarios e convenientes para evitar o uso indebido dos mesmos, así como a súa consulta ou copia non autorizada, fixando procedementos, métodos e controis apropiados. Os prestadores de servizos de certificación admitidos deberán cumprir ademais as obrigas da Lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.

SEXTA.- Actuacións adicionais

O COAG para poder implantar os mecanismos contidos neste convenio facilitará as instrucións básicas antes da posta en funcionamento do mesmo.

Contéplase tamén a posibilidade de realizar tarefas de formación e asesoramento ao persoal do Concello de Lugo por parte do persoal técnico do COAG, destinadas a facilitarlle ao persoal do Concello a transición nos mecanismos de supervisión técnica de traballos profesionais en formato tradicional ao formato electrónico. Así mesmo, contéplase a elaboración por parte do Colexio de Arquitectos de materiais formativos destinados a facilitar dita transición.

Estas actuacións formativas, de acometerse, serían obxecto dunha disposición orzamentaria, co obxecto de establecer o importe económico que o Concello fornecería por este concepto ao COAG, previa aceptación e aprobación polo Concello.

SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia durante un ano a partir de dita data de sinatura, sen prexuízo das posibles prórrogas que, de ser o caso, poidan acordarse, conforme o artigo 49.h) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

No caso de que os servizos prestados polo Colexio ao Concello de Lugo descritos neste convenio, ou equivalentes, sexan fornecidos pola Xunta de Galicia ou pola FEGAMP, de forma xeral a través dos correspondentes servizos dispostos no nodo de interoperabilidade coas administracións públicas, ou de forma particular a través da plataforma web “pasaxe” ou outra que teña a mesma finalidade, este convenio perderá a súa vixencia.

OITAVA.- Comisión de Seguimento

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento do establecido no convenio, seguimento, vixilancia e control, establécese unha Comisión de Seguimento, integrada polo Concelleiro de Urbanismo Sostible e, pola outra parte, a persoa que obstante a representación legal da entidade.

Os membros da Comisión de Seguimento poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

Atribúese á Comisión de Seguimento do convenio a interpretación do mesmo, así como a resolución das discrepancias que poidan xurdir en orde ao seu cumprimento

No caso de incumprimento das obrigas asumidas polas partes e cando as discrepancias non se podan corrixir no seo da Comisión de Seguimento, poderase resolver o convenio.

NOVENA.- Xurisdicción

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o presente convenio encóntrase excluído do seu ámbito de aplicación.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, RBRL e a Lei 40/2015, do 1 de outubro do RXSPN, sendo competente para entender os litixios que puidesen xurdir a xurisdicción Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data sinalados no encabezamento.

POLO CONCELLO DE LUGO
A ALCALDESA-PRESIDENTA

POLO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA
A DECANA

Asdo.: - Lara Méndez López

Asdo.: - Elena Ampudia Aixendri